

Festas de San Xosé do Milladoiro

O Milladoiro adíase á Semana Santa coa festa de San Xosé

Esta noite actuarán Grupo La Bamba e a discoteca móbil CDC na rúa Agro do Medio

Redacción

O Milladoiro ten todo listo para celebrar entre hoxe e mañá dúas das súas xornadas máis especiais do seu calendario festeiro cos festexos na honra de San Xosé, un dos patróns da parroquia. A diversión da veciñanza nestas datas non sería posible de non ser polo constante traballo da comisión de festas do Milladoiro, unha entidade que ten en conta todos os factores necesarios para provocar os sorrisos das familias e dos máis pequenos.

«A xente ten ganas de que chegue a festa. Nestes últimos dez días moitos estiveron preguntándonos se íamos traer algo para San Xosé», explica o tesoureiro da entidade, José Luis Vázquez. A comisión non leva activa moito tempo, pois creouse no ano 2023, e tampouco conta cun enorme grupo de integrantes, xa que está composta por catro veciños deste nú-

cleo amesán: José Zumalave, Rubén Maceiras, Paula Segade e o propio José Luis Vázquez. En citas como San Xosé ou as festas da Madalena unen forzas como grupo para que a veciñanza poida gozar dunhas celebracións patronais á altura.

Programa festivo

Nesta ocasión, os actos festivos comezarán esta noite no Milladoiro, a partir das 21.30 horas, coa actuación do Grupo La Bamba e a música en vivo da discoteca móbil CDC na rúa Agro do Medio. Xa o xoves, haberá pasarrúas ao mediodía a cargo do grupo de gaitas Airiños do Paseo de Colón e a charanga Os Atrevidos. Ao longo dos festexos terán lugar actos relixiosos na honra do patrón.

Con todo, aclara que superar os procesos necesarios para organizar festas como as de San Xosé con todas as contratacións que iso implica



José Luis Vázquez, 4º pola esq., con Maceiras e Zumalave, á súa dereita, e Paula Segade, á súa esquerda.

COMPROMISO

A comisión de festas naceu en 2023 e está composta por catro veciños

pode resultar complicado: «Hai que completar mitos trámites burocráticos que retardan a xestión deste tipo de celebracións. Neste sentido estamos moi agradecidos co Concello de Ames, xa que nos axudou moito».

Sentimento de pertenza

As propostas culturais que impulsan buscan chegar á veciñanza xeral do Milladoiro. «Somos un pobo con moita xuventude, de feito temos unha natalidade moi alta, por iso tratamos de ofrecer música de todos os tipos», sinala o veciño. Neste senso, o amesán pon de manifesto o crecente senti-

mento de pertenza que caracteriza aos mozos do Milladoiro, un feito que non sempre foi así. «Agora a xuventude di que é de aquí. Antes este era un lugar poboado por xente de fóra que logo marchaba, pero isto cambiou grazas ás escolas e a estabilidade que se xerou. Penso que a creación da nova escola vai a axudar aínda máis neste sentido», destaca.

Para el, este é un territorio en auxe «moi cómodo para vivir», xa que «ten todos os servizos que podes buscar. E xa non só O Milladoiro, senón Ames, está destacando nos postos de novos residentes. Ten moitísima cultura e actividades durante o ano». ■



HoSPICAN
Clínica veterinaria

HORARIO:
L-V: 10.30-13.30 h
17.00-20.30 h
S: 10.30-13.30 h

Tel.: 981 530 066
Urgencias: 607 539 066

Avda. Rosalía de Castro,
31, bajo
CP. 15895
Milladoiro - Ames

**ANSUCAR
MOTOR**

SERVICIOS RÁPIDOS - AIRE ACONDICIONADO
CLIMATIZADORES

TODO SOBRE EL MANTENIMIENTO DEL AUTOMÓVIL
www.ansucar.com

Rúa Hedras, Nave 103-B3 | T: 981 536 590
Pol. Ind. Novo Milladoiro, 15895 Ames (A Coruña)



**Casa da
Cultura**
CAFETERÍA

Travesía do
Porte s/n
MILLADOIRO
T. 981 538 406

- Racións
- Sandwiches
- Tostas
- Postres
- Hamburguesas
- Bocadillos

**NEUMÁTICOS
NUEVOS Y
SEMINUEVOS**

Neumáticos Low Cost

**ALINEADO
DE DIRECCIÓN
3D**

C/PALMEIRAS, 36-A
Pol. Novo Milladoiro
15895 A CORUÑA
981 533 848

AVDA. AEROPORTO, 66
36208 VIGO - Pontevedra
986 138 890

www.neumaticoslowcost.es

Miles de regalos

CENTER PALOMA
Ven a visitarnos!

T. 981 813 348
Rúa Pardiñeiros
13, bajo
Milladoiro (Ames)
Rúa Polonia
41-42 bajo
Santiago

**¡Feliz día
del padre!**

Festas de San Xosé do Milladoiro

Antonio Hernández

«O Milladoiro vai gañando cada vez máis identidade»

Trala súa constitución como parroquia en 2009, moitas familias formaron a súa vida aquí

Redacción

Con arredor de 18.000 habitantes e subindo, O Milladoiro preséntase como unha das zonas en maior crecemento demográfico do cinto compostelán desde hai varios anos. O gran punto de inflexión da súa historia foi a súa constitución como parroquia de Ames en 2009, segregando terreos pertencentes a Santa María de Biduido. Tras este feito, o seguinte gran paso foi a construción do seu templo, o cal nomeouse como San Xosé de Milladoiro, un dos patroóns da parroquia con Santa María de Magdalena e ao que se lle dedican as festas patronais que se celebrarán este mércores 18 e xoves 19 de marzo.

«Milladoiro foi evolucionando acorde a un territorio urbano con xente de diversos lugares. É unha parroquia de acollida que cada vez

vai gañando máis identidade propia», destaca o seu párroco José Manuel Gundrís. Nesta mesma liña, sinala que os festexos na honra de San Xosé «van gañando popularidade e o seu propio espazo pouco a pouco», e engade que as súas principais características son ser «un exemplo de vida e a transmisión de boas virtudes».

O Milladoiro alberga unha esencia propia entre os seus límites: «é unha parroquia urbana, dinámica e creativa na que a maioría das familias son novas, aínda que cada vez hai máis presente unha estabilidade, con residentes que xa levan bastante tempo aquí», engade ademais que o territorio «é moi receptor en canto á inmigración, acollendo a xente tanto de Galicia como de outros países». Un fenómeno que contribuíu a enriquecer a súa identidade: «Sempre houbo unha boa integración, aínda que agora este pro-



José Manuel Gundrís na Igrexa de San Xosé de Milladoiro.

ceso se atope algo complicado polo encarecemento da vivenda».

Como un veciño máis deste núcleo amesán desde o ano 2009, o sacerdote describe O Milladoiro como «un sitio moi bonito para vivir, cunha comunidade atractiva» e no que se sente «moi a gusto».

En canto ao grado de crenza da parroquia na relixión, o párroco sinala que «está dentro das porcentaxes de práctica relixiosa que se marcan en España e en Galicia», polo que «hai moita xente que a practica».

José Manuel tamén traballa na xestión do albergue do Milladoiro, un proxecto social impulsado pola

Asociación Amigos del Camino Portugués en Ames y Teo cuxo fin consiste na acollida de peregrinos e na dinamización do camiño ao seu paso por estes municipios. Os benefi-

cios desta iniciativa, tal e como relata o cura, «van destinados a un proxecto de primeiro emprego para axudar a persoas en situacións de exclusión social e tamén nunha iniciativa de conciliación familiar».

Por outra banda, José Manuel destaca o crecemento de Milladoiro como un dos puntos clave do Camiño Portugués desde Tui: «xa superamos os 100.000 peregrinos anuais e estamos conseguindo que a parroquia sexa un sitio de parada». Uns factores que «dinamizan o noso territorio e axúdanos a conseguir os nosos obxectivos sociais», conclúe. ■

AMBIENTE

«É unha parroquia urbana, dinámica e creativa na que a maioría das familias son novas»

Descanso pensado para ti

zzzz

Nattex Compostela é unha empresa especializada en solucións de descanso, ofrecendo colchóns, canapés e complementos pensados para mellorar o confort e a calidade do sono.

Nattex
Compostela

Rúa das Hedras 25B, O Milladoiro

www.nattexcompostela.es

- Colchóns
- Bases
- Canapés

PANADARÍA | PASTELARÍA | CAFETARÍA

Os mellores almozos e merendas con tostas, bagels, tortitas e moito máis!

Avda. Rosalía de Castro, 40 baixo
O Milladoiro - Tel. 696 01 24 36

f i

Limpiezas GERMANIA

Rúa das Palmeiras, 83 B1
Pol. Ind. Novo Milladoiro - Ames
ventas@limpiezasgermania.es
T. 981 941 659

- Fábricas
- Industria alimentaria
- Sanidad
- Hoteles y restauración
- Limpieza de pavimentos
- Oficinas
- Desinfección
- Educación
- Obras
- Comercios y áreas comerciales
- Fachadas y cristales
- Comunidades y urbanizaciones
- Garajes y parkings
- Servicios especiales
- Instalaciones deportivas